

LUGO*Anuncio*

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Tipo de contrato:** Obras

b) **Descrición do obxecto:** A realización da obra de mellora de estradas de acceso á explotacións agrarias.

3.- Tramitación e procedemento.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto

c) **Publicidade:** Si

Anuncio de licitación no BOP do 18-06-2016 e no perfil do contratante.

4.- Tipo de licitación:

a) **Orzamento máximo do contrato:** O valor estimado do contrato ascende a 138.341,90 euros, IVE excluído. O prezo de licitación é: prezo sen IVE: 138.341,90 euros (gastos xerais e beneficio industrial incluído), IVE (21%): 29.051,80 euros, resulta un total de: 167.393,70 euros IVE incluído.

5.- Adxudicación:

a) **Data:** 10-08-2016

b) **Contratista:** CANARGA, S.L.

c) **NIF:** B-15.360.902

d) **Nacionalidade:** Española

e) **Orzamento máximo do contrato:** Un prezo de 94.874,38 euros, polo que sumado: 19.923,62 (21% de IVE), resulta un total de **114.798 euros**.

6.- Formalización:

a) **Data de formalización:** 12-08-2016

b) **Duración do contrato:** A duración do contrato será de SEIS SEMANAS contadas a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

Lugo, 12 de agosto de 2016.- A ALCALDESA, P.D. TENENTE-ALCALDE DA ÁREA, Ana Prieto Nieto.

R. 2510

Anuncio

A través de Decreto número 16005836 aprobose o padrón correspondente ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondentes ao mes de marzo de 2016, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 29 de xullo ata o día 29 de agosto de 2016(ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).